

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 24 de novembro de 2020.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2964

Anuncio

CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO QUE PARTICIPAN EN LIGAS OU CAMPIONATOS OFICIAIS FEDERADOS POR EQUIPOS DE 1ª OU 2ª CATEGORÍA ABSOLUTA ESTATAL, PARA OS GASTOS DE TEMPORADA 2019-2020.

Para os efectos oportunos, publícase a listaxe de Subvencións concedidas en réxime de concorrencia non competitiva, a clubs deportivos da Provincia de Lugo que participan en ligas ou campionatos oficiais federados por equipos de 1ª ou 2ª categoría absoluta estatal, para os gastos de temporada 2019-2020, por acordo da Xzunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 20 de novembro de 2020, de "Conceder as subvencións en réxime de concorrencia non competitiva, que se reflicten na listaxe que se achega".

| Nº EXP. | NOME ENTIDADE | CIF | IMPORTE | DEPOR |
|--------------------|----------------------------------|------------|------------|-------------|
| 2020/PES_03/015382 | ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO | G-27324284 | 110.360,82 | BALONCESTO |
| 2020/PES_03/015464 | CLUB DEPORTIVO BURELA F.S. | G-27272251 | 120.793,81 | FÚTBOL SALA |
| 2020/PES_03/015413 | CLUB PELUQUERÍA MIXTA FRIOL | G-27170638 | 82.000 | FÚTBOL |
| 2020/PES_03/015453 | CLUB VOLEIBOL EMEVÉ | G-27041490 | 119.845,36 | VOLEIBOL |
| 2020/PES_03/015414 | CLUB FÚTBOL SALA FEMININO CASTRO | G-27451020 | 7.000 | FÚTBOL SALA |

De acordo co punto 11 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución de concesión das axudas por parte da Xunta de Goberno, será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP, e publicarase na paxina web da Deputación de Lugo www.deputacionlugo.org

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 25 de novembro de 2020.- O Presidente, P.D. Decreto de data 26-07-2019. O Deputado Delegado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón. A Secretaria Xeral, María Esther Álvarez Martínez.

R. 2992

CONCELLOS

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL

Acordo do Pleno do Concello de Folgoso do Courel polo que se aproba inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 22/2020 SC2 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo a novos ou maiores ingresos.